

**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 15 DE SETEMBRO DE 2011.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E CUARENTA E CINCO MINUTOS** do día **QUINCE DE SETEMBRO DE DOUS MIL ONCE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos tenentes de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ e D^o MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e os concelleiros **D^a MARGARITA CAMPOS ESPIÑO e D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ** a Interventora Municipal **DONA ISABEL PERNAS SANCHEZ** e da Secretaria da Corporación **DONA PAULA MARIA SUAREZ COTELO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.-

2º.- CONTRATACIÓN.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

1.1.- En relación o escrito presentado por D^a Josefa Fernández Méndez, con domicilio en San Fiz, nº 3 - Margaridesobre medición do nivel de ruidos producidos pola empresa Nutrimentos del Deza, S.A. (Nudesa), dase conta dos seguintes informes:

Informe nº 325/2011, de data 09 de setembro de 2011, emitido pola Policía Local:

“ACTA DE MEDICIÓN DE RUIDOS

En Silleda ás 18:00 horas do día 12 de setembro do ano 2011, os axentes da policía Local cos carnés profesionais números 265003 e 265005, seguindo órdenes desta alcaldía procedeuse a realizar a seguinte medición de ruidos.

DATOS DA PERSOA DENUNCIANTE:

D./DNA.:	D^a JOSEFA FERNÁNDEZ MÉNDEZ
DNI:	34.482.896-P
DOMICILIO:	SAN FIZ Nº-3

DATOS DA EMPRESA DENUNCIADA:

<i>LUGAR</i>	<i>SAN FIZ</i>	<i>APDO.</i>	<i>50</i>
<i>TITULAR</i>	<i>NUTRIMENTOS DEZA S.A.</i>	<i>N.I.F.</i>	<i>A-36.011.385</i>

<i>APARELLO UTILIZADO</i>	<i>SONÓMETRO PCE-322A</i>
---------------------------	---------------------------

LUGAR DA MEDICIÓN: NA VÍA PÚBLICA SITA EN SAN FIZ Nº-3

<i>TRAMOS HORARIOS</i>	<i>VALOR MÁXIMO</i>	<i>VALOR MÍNIMO</i>
<i>10:00 - 10:10</i>	<i>49,9</i>	<i>44,3</i>
<i>12:00 - 12:10</i>	<i>53,6</i>	<i>44,2</i>
<i>01:00 - 01:10</i>	<i>45,2</i>	<i>42,5</i>

Informe de data 15 de setembro de 2011, emitido polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal:

“INFORME SOBRE EMISIÓN DE RUIDOS

A instancias da Alcaldesa do Concello de Silleda, en relación coas denuncia formulada por dona Josefa Fernández Méndez, presentada o 3 de agosto de 2011, con R.E. 3278, sobre as molestias producidas pola emisión sonora das instalacións de Nutrimentos del Deza, S.A., (NUDESA) que afectan á súa vivenda situada nas inmediacións á mesma, no lugar de San Fiz nº 3, Margaride, a uns 250 metros de distancia segundo manifesta no seu escrito; emítese o seguinte informe:

ANTECEDENTES:

Consta no expediente a seguinte documentación:

- Documentación presentada polo presunto emisor das molestias sonoras, xuntando có mesmo facturas de silenciadores e bastidores instalados.*
- Aporta asimesmo informe da empresa DEKRA AMBIO SAU, homologada pola Xunta de Galicia para efectuar medicións de contaminación acústica e vibracións, en medicións efectuadas o día 24 de febreiro de 2011 nas inmediacións da empresa.*
- Acta de medición de ruidos da Policía Local do Concello de Silleda, sobre medicións efectuadas o mesmo día 12 de setembro de 2011 ás 18 horas, polos*

axentes 265003 e 265005, utilizando un sonómetro PCE-322A nos tramos horarios entre 10:00 e 10:10, 12:00 e 12:10 e 01:00 e 01:10.

INFORME:

- 1. O Concello de Silleda non conta con Ordenanzas específicas contra a contaminación acústica actualmente aprobada.*
- 2. Visto o informe da empresa DEKRA AMBIO SAU e a acta da Policía Local, as emisións sonoras recollidas en ámbolos dous casos, son inferiores ás máximas admisibles no Decreto 320/2002, de desenvolvemento da Lei 7/1997 contra a Contaminación Acústica de Galicia; que establece as ordenanzas tipo sobre protección contra a contaminación acústica, informe no que se expón que os valores recollidos son inferiores aos máximos permitidos pola normativa vixente.”*

Vistos os informes anteriormente transcritos, a Xunta de Goberno Local non entende oportuno realizar medicións de ruidos cunha periodicidade determinada e acorda remitir copias dos informes anteriormente transcritos a denunciante D^a Josefa Fernández Méndez, así como dar traslado dos mesmos a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental - Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras.

1.2.- Escrito de Espina y Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 3816, de data 08 de setembro 2011, de relación de solicitudes de abastecemento e saneamento recibidas durante o mes de agosto de 2011 e que se relacionan a continuación:

Apelidos e Nome dos abonados	Enderezo
Prieto Requeijo Emilio	Políg. Area 33 - Parc. 9 (Silleda)
Com. Propietarios Edif. Do Cine	Rúa Emilio Alonso Paz, 2 (Silleda)
Com. Propietarios Edif. Do Cine	Rúa Emilio Alonso Paz, 6 (Silleda)
Com. Propietarios Edif. Do Cine	Rúa Emilio Alonso Paz, 4 (Silleda)
Com. Propietarios Edif. Do Cine	Rúa Emilio Alonso Paz, 8 (Silleda)
Lázara Failde José Luis	Rúa M ^a Colmeiro, 29 baixo (Silleda)
Limia Conde Manuel	Lg. Eirexe, 18 (Taboada)
Cuiña Fuentes María Teresa	Lg. Rosende, 37 (Ponte)
Tomé Gómez María	Rúa D, 7-2B (Silleda)

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar as solicitudes de abastecemento e saneamento anteriormente mencionadas.

1.3.- Escrito da Dirección Xeral de Montes - Consellería do Medio Rural, Rexistro de Entrada nº 3497, de data 23 de agosto de 2011, remitindo datos referentes ao número de lumes e superficies queimadas entre os anos 2001 e 2010, desglosado por parroquias.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito e acorda remitir o mesmo a Eptisa Servicios de Ingeniería S.L., empresa encargada da redacción do Plan Xeral de Silleda.

1.4.- Escrito de Dº Manuel Caramés Rozados, en calidade de administrador e representante da entidade Abastecimientos y Construcciones S.A. e Dº José Ramón Castro Frade, Rexistro de Entrada nº 3644, de data 03 de setembro de 2011, no que expoñen que con data 04 de outubro de 2010 formalizaron con este Concello un contrato de cesión gratuita e temporal a favor do Concello de terreo sito en rúa Braña do Medio para aparcadero público. Que segundo as estipulacións primeira e segunda d) do referido contrato, a cesión otorgaríase polo prazo de un ano, prorrogado por prazos anuais, salvo que os titulares do terreo desexaran destinalo a outros usos, quedando o concello obrigado a deixar o terreo libre e expedito a favor dos titulares no prazo de un mes dende o requerimento efectuado pola propiedade. Consecuentemente e de conformidade co acordado e sendo intención dos propietarios destinar o terreo cedido a outros usos, requírese o Concello a fin de que faga entrega de dito terreo ós peticionarios, así como a dar cumprimento ós demais términos do contrato de 01/10/10 e en particular a retirada da conducción subterránea a que se refire a cláusula 4ª do calendado contrato de cesión. Por todo elo solicitan a entrega do solar e retirada da canalización subterránea que o grava.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda dar traslado deste escrito ós servizos xurídicos do concello.

1.5.- Dase conta do escrito remitido pola Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo, Rexistro de Entrada nº 3965, de data 15 de setembro de 2011, relativo a vertidos de escombros de obra, electrodomésticos e plásticos a carón dos petroglifos de Pena Longa (A Brea, Cortegada - Silleda).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura e Turismo que descoñécese o autor dos vertidos e que a finca onde se realizaron os mesmos está a nome de Dº Emilio Lorenzo Montero, xa falecido, polo que se supón que a actual propietaria e a súa esposa Dª Elsa Ríos Blanco, con enderezo no lugar de Fondevila, nº 7, parroquia de Cortegada (Silleda).

1.6.- Dase conta do escrito remitido por Gamero Abogados S.L.P., que actúa en representación de Educa Deza S.C., Rexistro de Entrada nº 3867, de data 09 de setembro de 2011, indicando que o seu cliente solicitou o rexistro da marca “Casarón”, a nivel nacional na Oficina Española de Patentes y Marcas, en data 25 de agosto de 2010, polo que indica que este concello

podería vulnerar dereitos inherentes a dito rexistro, polo que requírese a retirada de publicidade e retificar a realizada ata a data, toda referencia a marca “Casarón”, así como absterse de levar a cabo directa ou indirectamente o programa concursado coa denominación indicada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a comprobación de si o rexistro da marca “Casarón” está concedida, así como que por parte da empresa Educa Deza S.C. se demostre que esta marca é da súa propiedade e si é así non se utilizará polo Concello.

1.7.- Dase conta do escrito presentado por D^a Sara Nogueira Prado, Rexistro de Entrada nº 3629, de data 02 de setembro de 2011, en calidade de presidenta da Asociación de Veciños Santiago Apóstol de Taboada, indicando que algúns veciños fan uso do servizo de abastecemento de augas sin contar ningunha alta na empresa suministradora, polo tanto de forma gratuita.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Que, por parte do Servizo Municipal de Augas se comprobén os feitos expostos.

2º.- Que, no caso de que algúns veciños utilicen o servizo de abastecementos municipal de auga sin contar coa oportuna alta na empresa suministradora, se proceda o corte do suministro.

2º.- CONTRATACIÓN.

2.1.- Adecuación e modernización de equipamentos comerciais.

Visto que lle foi concedida ao Concello de Silleda unha subvención por parte da Consellería de Economía e Industria para adecuación e modernización de equipamentos comerciais por importe de 135.000,00 € a repartir en dúas anualidades de acordo coa seguinte distribución:

- 67.500,00 € para o exercicio 2011.
- 67.500,00 € para o exercicio 2012.

Visto que se considera necesario arranxar as seguintes rúas dos núcleos urbáns de Silleda e A Bandeira: Rúa Morón, Alfonso Trabazo e Braña do Medio no núcleo urbán de Silleda e a rúa Parque no núcleo urbán de Bandeira así como a peatonalización da rúa Cartagena.

Visto o proxecto redactado polo arquitecto técnico José Abel Mato Meijome con data de 9 de setembro de 2011.

Visto informe de Secretaría de data 14 de setembro sobre lexislación aplicable e procedemento a seguir.

Visto o informe asinado polo Arquitecto asesor do Concello con data 15 de setembro de 2011 no que se informa que a documentación do proxecto está completa e adecuada aos condicionamentos exisibles ao proxecto, en harmonía e suxeita ó contido establecido no artigo 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, dacordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade acorda:

PRIMERO. Aprobar o proxecto “MELLORA DE RÚAS MORÓN, ALFONSO TRABAZO E BRAÑA DO MEDIO NO NÚCLEO URBÁN DE SILLEDA, RÚA PARQUE NO NÚCLEO DE BANDEIRA E PEATONALIZACIÓN DA RÚA CARTAGENA NO NÚCLEO URBÁN DE SILLEDA.”

SEGUNDO. Que se leve a cabo o replanteo do Proxecto de obras, de conformidade co el artigo 110 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Presidenta levántase a sesión as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,